

HORARIO PRESENTACIÓNS CURSO 2022/2023

NORMAS XERAIS

- A **elección do horario individual** farase dentro do **mesmo curso** por **idade** (empezando polos menores) e dentro da mesma idade segundo a **letra** establecida administrativamente para o ano 2022 (letra “V”).

- **Orden de prioridade** para escoller o horario de instrumento será:

1º. De 1º a 4º de Grao Elemental (por curso e idade)
2º. 6º e 5º de Grao Profesional (por curso e idade)
3º. De 1º a 4º de Grao Profesional (por curso e idade)

- Se algún alumno/a non puidera asistir ao día da presentación que lle corresponde, poderá ser **representado** por outra persoa para escoller o seu horario.

- Todo aquel alumno/a que non asista ao día e hora da presentación, que lle corresponde, perderá o dereito de preferencia na elección de horario e pasará ao final do listado, sendo ubicado polo profesor/a ou Xefe de Departamento, no seu defecto, dentro do horario semanal correspondente.

- No **reparto do horario** dentro da mesma especialidade, para o Grao Elemental, **comezarse colocando as horas das clases colectivas.**

- Para a elección de horarios nas materias de **Música de Cámara** e **Conxuntos**, comezarán a escoller os alumnos de 6º e 5º curso e despois de 1º a 4º. Para os grupos de **Conxunto de pianos**, terán prioridade de elección os alumnos de 4º e logo, de 1º a 3º cursos.

- *Se hai un grupo con membros de distinto curso, elixirán polo curso máis baixo.*

- As **presentacións das materias teórico-prácticas** (Harmonía, Linguaxe Musical, Historia da Música,...) faranse directamente nos horarios asignados ao comezar o curso.

- No momento da presentación, o docente preguntará ao alumnado maior de idade presente ou representado no seu caso, quen estaría interesado en ter **clase pola mañá**. No caso de que houbo un número suficiente para cubrir a docencia diaria, o docente asignará primeiramente esta docencia de mañá ao alumno interesado, quedando consecuentemente inutilizada a franxa de dispoñibilidade dese día.

- En calquera caso, o docente pode, ao seu criterio, impartir docencia de mañá se houbo alumnado interesado, e aínda que implicase a realización de xornada partida, con utilización da franxa horaria dispoñible de tarde.